

Cariño, hoxe teño libre, como os derradeiros 21 meses, e decidin escribir unhas liñas para matar o tempo. cando non tes traballo e tempo e coma sin non pasase, e os miolos parecen atrofiarse, froito da tensión e a falta de imaxinación e creatividade

coma ti ben sabes miña rula costame falar e decirche si ando fodido ou en cambio sintome ben. por iso collo papel e boli e empezo a reflexar o meu ánimo nunhas frases que van surxindo do meu adentro. Sei cas cousas non son doadas cando estas no paro, a tua muller ten que traballar nun supermercado 10 horas o día por 700 euros. deixas de ter vida social, e pouco a pouco vas metendote nun círculo de rutina amarga. Perdes Ailusion por todo e a ti notalo, porque xa non te bico cando voltas de traballar, nin me apetece facer o amor coma antes, pero debes de saber que te quero, e que es a columna principal na que se basa a miña vida. sin ti deixariame levar e sei que acabaría mal, botandome a perdición. Eduro verte chegar todos os días, rendida de traballar e non poder darche un agasallo ou levarte as fines de semana a cear, ou simplemente ir de vacacións unha vez no ano.

Pero sei ca ti iso dache igual porque me queres, notoio nos teus ollos, en coma me miras cando falas por telefono con tua nai e preguntache que tal nos vai. Seino porque es a unica que se acorda do meu cumpreanos, pois o resto da xente parece perder a memoria cando che vai mal. Non me fagas caso si che levanto algunha vez a voz. Non son eu, miña nena, e a desesperacion que me corroe por dentro e se blota sobre a persoa que me escoita, que sempre es ti. Non e doado vivir ben contigo mesmo cando ves ca muller dos teus sonos estase a marchitar traballando.

Pero nena pra san Valentin teñoche unha sorpresa: vou cociñarche algo especial, unha receta de Arguiñano que due o outro dia. Porque sei que ainda que me saia mal, facerache ilusion e reiremonos xuntos ,coma aquela vez que se me queimou o pavo no forno e viñan teus pais a xantar, e tivemos que ir correndo a mercar un polo asado o pe da casa. Pero o final gustoulles e nos celebramolo facendo o amor cando se foron ,con paxion e deixandonos levar polo desexo. Un desexo que nunca perdin, porque para min es a mas bonita e a mais sexi de todas.

Ainda recordo a primeira vez que te vin desnuda,puxenme nervoso e non me atrevia a tocarche.Pero acerqueime e o meu corazon empezou a latir con moita forza, e as miñas mans asperas botaronse apalpar o teu corpo darriba abaixo.Querote e costame demostrarcho ,porque contigo sei que son un home ,cando nos afundimos o un no outro sintome ben e, e non un numero do inem.ou cando paseamos xuntos pola rua collidos pola man coma unhos moziños,e a xente nos sonrie o saudarnos.Ponte guapa porque despois sairemos a bailar porque sei que che gusta e nunca saimos porque hai que aforrar.Pero hoxe quero bailar contigo ,ainda que te pise ,agarradiños e dandonos bicos sen vergoña,con lingua ou sin ela,e disfrutando dunha noite maxica ,na que te sintas feliz e non penses que xa non me gusta sair contigo e pasalo ben.

nena, aproveita as rebaixas e si ves algo bomito para min,mercao,non me importa si despois temosd que ir comer a casa na miña nai para que nos de os tapers para por semana e asi aforrar.

P.D:GUSTARIAME UNHA CAMISA BRANCA

